



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO AS ENCROBAS
Promotor	NATURGY RENOVABLES, S.L.U
Localización	CONCELLOS DE CERCEDA E CARRAL (A CORUÑA)
Expediente	IN408A 2020/93

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

- O Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 02/08/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1469691, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 23/06/2022 e número de rexistro 2022/1332845 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 17/08/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1679494, o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da traslado da resposta do promotor ó informe desta Dirección Xeral de data 23/06/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte



INFORME:

Con respecto ás medidas de mitigación propostas, en caso de superación dos limiares establecidos, no estudo do efecto de parpadeo de sombras, deberá ter en consideración a inclusión dunha parada técnica dos aeroxeradores implicados, no caso de ser necesario.

Por todo iso:

Analizada a documentación remitida polo promotor en relación a súa contestación ao informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

